



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)  
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
[cabana@concello-cabana.es](mailto:cabana@concello-cabana.es)

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 396/2015, DO 17 DE XULLO

Mediante Resolución de Alcaldía nº 364/2015 do 7 de xullo aprobáronse as bases de selección para a contratación laboral temporal, mediante concurso-oposición, dunha praza de XEFE DE BRIGADA para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais no Concello de Cabana de Bergantiños.

Transcorrido o prazo de 6 días naturais a contar dende a publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello e no xornal "La Voz de Galicia" e na web do Concello, tal como establecían as bases.

Vista a Resolución de Alcaldía nº 389/2015 do 16 de xullo onde se aprobou a lista definitiva de admitidos e excluídos para 1 XEFE DE BRIGADA de incendios, e onde se convocaba aos aspirantes para a realización da proba física de esforzo (proba do banco) o venres día 17 de xullo as 8:15h da mañán na Clínica Vimianzo Saúde.

Realizada a proba física o día 17 de xullo de 2015 ás 8:15h en Vimianzo e vistos os resultados da mesma valorados e contrastados polos profesionais da Clínica Vimianzo Saúde, na que aparece a calificación dos aspirantes de aptos e non aptos.

En virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Publicar a calificación de apto ou non apto da proba física de esforzo (proba do banco) dos aspirantes para **1 XEFE DE BRIGADA** de incendios.


APELIDOS E NOME	PROBA ESFORZO
Allo Rama José David	APTO
Blanco Touriño Maruxa	NON APTA
Fernández Padilla Silvia	NON PRESENTADA
Lema Nantón Iván	APTO

**SEGUNDO.:** Convocar aos aspirantes que superaron a proba física para a realización da entrevista persoal, o **martes 21 de xullo ás 9:00h na Casa do Concello de Cabana de Bergantiños**, e igualmente convocar o Tribunal de selección para a realización da entrevista persoal e a valoración de méritos dos aspirantes.

Os aspirantes que se presentaron a máis dunha praza convocada para a brigada de incendios, realizarán unha única entrevista, aínda que o contido da mesma estará diferenciada en distintas partes dependendo das prazas as que optara.

**TERCEIRO:** Proceder a expoñer no taboleiro de anuncios do Concello a presente resolución, e extracto da mesma na web do Concello ([www.cabana.gal](http://www.cabana.gal)) de conformidade co previsto nas bases aprobadas por Resolución da Alcaldía 364/2015 do 7 de xullo.

Mándao e asíno o Alcalde-Presidente Don José Muíño Domínguez na casa do concello de Cabana de Bergantiños, o 17 de xullo de dous mil quince, diante de min, a Secretaria, que dou fe e certificado.

  
 O Alcalde  
 ASDO.: José Muíño Domínguez.  
 (A CORUÑA)

A Secretaria en acubilación de funcións

  
 SECRETARÍA  
 ASDO.: Rosa Ana García Fernández  
 (A CORUÑA)